

CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público **Nº 13/2014** para contratar a persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D

Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollos ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que se indican, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os resultados provisionais publicaranse, establecéndose un prazo de reclamacións de 3 días naturais. Vistas as reclamacións ou transcorrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

A comisión, para elaborar a proposta de adjudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adjudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, para a súa adjudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adjudicación do posto convocado.

12.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía .

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1º.a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2014

Por delegación do Reitor
(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)
A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GRC GI-1696 NEUROCIENCIAS CLÍNICAS
Referencia da actividade: 2014-PG095
Centro de traballo : Facultade de Medicina e Odontoloxía (Laboratorio de Investigación en Neurociencias Clínicas. Instituto de Investigación Sanitaria)
Investigador Principal: José Castillo Sánchez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Desenvolvemento de modelos preclínicos (ratas) de enfermidade cerebrovascular

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1173 , 00€
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Farmacia. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS: máster oficial en neurociencias (35 puntos), experiencia demostrada en cultivos de células nai pluripotentes inducidas (iPS) e desenvolvemento de modelos preclínicos (ratas) de enfermidade cerebrovascular (20 puntos), participación en proxectos de I+D na área de enfermidade cerebrovascular (20 puntos), certificado B1 de inglés (10 puntos), entrevista persoal (15 puntos). Entrevistarase unha única vez aos 5 candidatos con mellor valoración nos 4 méritos anteriores.

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GRC GI-1603 Catálise Organometálica
Referencia da actividade: 2014-PG088
Centro de traballo : CIQUS
Investigador Principal: Carlos Saá Rodríguez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: ciclacións de alquinalis e alquinonas catalizadas por rutenio

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 850,00€
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Química. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS: experiencia previa na preparación de alquinalis e alquinonas (60%), expediente académico (15%), titulación de máster en Química (5%), entrevista persoal aos 3 mellores candidatos (20%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1563 Enxeñaría matemática
Enxeñaría matemática
Referencia da actividade: 2013-PG082
Centro de traballo : Facultade de Matemáticas. Departamento de Matemática Aplicada
Investigador Principal: Alfredo Bermúdez de Castro López-Varela

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: apoio ao uso de aplicacións de cálculo intensivo en entornos HPC

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1500,00€
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Axudande de apoio a investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: FPPII. Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos

MÉRITOS: expediente académico (2 puntos), experiencia en mantemento de equipos informáticos (instalación, configuración e reparación), en cluster HPC e sistemas multimedia (6 puntos), entrevista persoal (2 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1914 Modelos de optimización, decisión, estatística e aplicacións MODESTYA.

Referencia da actividade: 2013-PG064

Centro de traballo : Facultade de Matemáticas

Investigador Principal: Wenceslao González Manteiga

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Modelización de recursos na xestión de extinción de incendios forestais, e modelización na predicción de indicadores medioambientais

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462,50€

Duración do contrato: 8,5 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Matemáticas ou Estatística

MÉRITOS: expediente académico (5 puntos), cursos adicionais de máster e/ou doutorado en Estatística (2 puntos), coñecementos en modelos da Estatística e da Investigación Operativa e coñecementos de R (3 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1643 NANOTECNOLOGÍAS APLICADAS O DISEÑO DE SISTEMAS DE LIBERACIÓN DE FÁRMACOS NANOBIOFAR

Referencia da actividade: 2013-PG072

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: Dolores Torres López

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Apoio técnico no desenvolvemento e caracterización de nanoestructuras para liberación de fármacos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462,50€

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: : A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Farmacia.

MÉRITOS: experiencia previa no desenvolvemento de nanosistemas e técnicas de espectrometría de masas (30%), participación en proxectos relacionados con nanotecnoloxías aplicadas a biomateriais de interés farmacéutico e biomédicoal (30%), entrevista persoal (40%)

PROXECTO

Título da actividade: La transmisión de la obra de Quevedo en el contexto intelectual europeo: traducción y recepción. EMERXENTES

Referencia da actividade: 2014-PG003

Centro de traballo : Facultade de Filoloxía

Investigador Principal: María José Alonso Veloso

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Búsquedas bibliográficas de obras de Quevedo en catálogos de bibliotecas europeas. Tarefas de apoio na elaboración dun catálogo de traducións de obras de Quevedo. Corrección tipográfica e de erratas de artigos e monografías durante a fase de preimpresión. Colaboración na revisión de probas de imprenta de publicacións do proxecto. Asistencia na organización de encontros científicos: atención a congresistas e ponentes, entrega de materiais, xestión de viaxes...

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1125,00€

Duración do contrato: 3 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Axudante de apoio a investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Bacharelato Superior

MÉRITOS: Asistencia a cursos e congresos especializados sobre Literatura española, especialmente do Século de Ouro (25%), experiencia en organización de congresos científicos, especialmente sobre o Século de Ouro e Quevedo (25%), outros méritos relacionados co traballo que desenvolverá a persoa contratada (25%), resultados dunha entrevista persoal na que participarán soamente os tres candidatos con maior puntuación (25 %)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1470 Magnetismo e Nanotecnoloxía NanoMag.
Referencia da actividade: 2013-PG073
Centro de traballo : CIQUS
Investigador Principal: Manuel Arturo López Quintela

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Síntesis, deseño e caracterización de materiais porosos multifuncionais mediante metodoloxía ISISA

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462,50€
Duración do contrato: 3 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Química.

MÉRITOS: Doutoramento (20 %), méritos de investigación: publicacións, congresos, proxectos e estancias relacionadas coa química física (20 %), experiencia previa en síntesis de materiais porosos (30%), entrevista (30 %)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1209 Acuicultura e Biotecnoloxía
Referencia da actividade: 2014-PG073
Centro de traballo : Facultade de Bioloxía
Investigador Principal: Ana María Otero Casal

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: cultivo de microalgas, mantemento de cepario, cultivo larvario de moluscos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462, 50€
Duración do contrato: 2,5 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Bioloxía.

MÉRITOS: becario de investigación de programas nacionais ou autonómicos (2 puntos), experiencia na empresa privada en campos relacionados coa acuicultura ou control de calidade (2 puntos), participación en proxectos de investigación (1 punto), formación adicional (máster, títulos propios.etc.) relacionados coa acuicultura e cria animal (1 punto), publicacións en revistas internacionais e nacionais, asistencia a congresos.... no ámbito da acuicultura (3 puntos), entrevista persoal (3 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. (GRC) GI-1743 Filoloxía e Lingüística Galega FILGA.

Referencia da actividade: 2013-PG069

Centro de traballo : Instituto da Lingua Galega

Investigador Principal: Xulio César Sousa Fernández

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: transcripción de gravacións pra os proxectos Corilga e Cambio Lingüístico, anotación de gravacións pra os proxectos Corilga e Cambio Lingüístico, traballos de mantemento e desenvolvemento de base de datos Corilga

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 660, 00€

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Filoloxía Galega ou Lingua e Literaturas Galegas . **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC.**

MÉRITOS: expediente académico (60%), máster con especialización en linguística (10%), congresos, artigos, publicacións, contratos en proxectos relacionados con lingua oral (15%), entrevista persoal (15%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1372 Gramática do español
Referencia da actividade: 2014-PG048.00
Centro de traballo : Facultade de Filoloxía
Investigador Principal: Guillermo Rojo Sánchez

Número de prazas: **Dúas**

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Revisión e corrección de parte dos arquivos XML correspondentes ás transcricións que integran o corpus ESLORA de español de Galicia para a súa adaptación aos requerimentos das aplicacións informáticas de recuperación de información

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 800, 00€
Duración do contrato: 2 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Filoloxía Hispánica ou en Traducción e Interpretación (con español), ou Grao en Lingua e Literaturas españolas. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC.**

MÉRITOS: experiencia en transcripción e codificación en XML de textos orais (30%), expediente académico (20 %), publicacións na área (20%), entrevista persoal (30%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1372 Gramática do español
Referencia da actividade: 2014-PG048.01
Centro de traballo : Facultade de Filoloxía
Investigador Principal: Guillermo Rojo Sánchez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Revisión e corrección de parte dos arquivos XML correspondentes ás transcricións que integran o corpus ESLORA de español de Galicia para a súa adaptación aos requerimentos das aplicacións informáticas de recuperación de información

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 600, 00€
Duración do contrato: 2 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a en Filoloxía Hispánica ou en Traducción e Interpretación (con español) ou Grao en Lingua e Literaturas Españolas

MÉRITOS: experiencia en transcripción e codificación en XML de textos orais (30%), expediente académico (20 %), publicacións na área (20%), entrevista persoal (30%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. REDES GI-2127. INBIOEST: Novas ferramentas estatísticas e computacionais aplicadas á investigación en Saúde, Deporte e Medio Ambiente

Referencia da actividade: 2014-PG141

Centro de traballo : Unidade de Bioestatística da Facultade de Medicina

Investigador Principal: Carmen Cadarso Suárez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Apoio na elaboración de memorías científico-técnicas, xestión das ferramentas web e organización de actividades científicas e de divulgación no marco da rede INBIOEST

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 780, 00€

Duración do contrato: 3 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Matemáticas.

MÉRITOS: Experiencia en xestión no ámbito universitario (30 puntos)

Participación en elaboración de memorias científicas de tipo estadístico (10 puntos)

Participación en organización de actividades científicas e de divulgación (10 puntos)

Coñecementos en mantemento de webs e redes sociais (10 puntos)

Coñecemento e dominio do inglés (20 puntos)

Formación en estatística (20 puntos)

Os candidatos que obteñan unha puntuación mínima de 70 sobre 100 (tras valoración de méritos anteriores), pasarán a fase de entrevista (50 puntos)

Puntuación máxima (preentrevista): 100 puntos

Puntuación máxima final (tras entrevista): 150 puntos

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas.
GRC
Referencia da actividade: 2014-PG084.00
Centro de traballo : CIQUS
Investigador Principal: Francisco Javier Sardina López

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Síntesis de Pilar(n)arenos. Estudo de procesos de recoñecemento molecular basados en Pilar(n) arenos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 800, 00€
Duración do contrato: 5 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Química

MÉRITOS: Máster en Química (25%), experiencia en formación de Pilar (n)arenos e os procesos de recoñecemento (25%), entrevista persoal (50%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas.
GRC
Referencia da actividade: 2014-PG084.01
Centro de traballo : CIQUS
Investigador Principal: Francisco Javier Sardina López

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: síntesis de rotaxanos e pseudoroxanos, estudo termodinámico dos procesos de formación, estudo cinético do mecanismo do proceso de formación

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462, 50€
Duración do contrato: 4 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Química

MÉRITOS: Máster en Química (25%), experiencia en formación de pseudorotaxanos(25%), entrevista persoal (50%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GRC GI-1608 Nanomateriais e Moléculas Bioactivas

Referencia da actividade: 2014-PG085

Centro de traballo : CIQUS

Investigador Principal: Ricardo Riguera Vega

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Síntesis de dendrímeros biocompatibles. Caracterización da súa dinámica por relaxación de RMN. Supresión selectiva das súas sinais en RMN mediante o uso de axentes paramagnéticos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462, 50€

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Química

MÉRITOS: experiencia en síntesis, RMN e relaxación de dendrímeros (5 %), publicacións en aplicacións de axentes paramagnéticos en RMN (3%), publicacións en axentes de contraste de RMN (1 punto), participación en proxecto de investigación (1 punto)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1708 Cirurxía, radioloxía e ecografía experimental veterinaria

Referencia da actividade: 2014-PG039

Centro de traballo : Facultade de Veterinaria

Investigador Principal: Antonio González Cantalapiedra

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Manexo cirúrxico animais experimentación (preparación, anestesia e reanimación). Benestar animal e cuidados intermedios. Preparación de mostras segundo a técnica de Donath

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462, 50€

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Veterinaria

MÉRITOS: Categorias B e C experimentación animal (B: 1 punto, C: 2 puntos), expediente académico (1,5 puntos), experiencia profesional relacionada cos traballos a realizar (1,5 puntos), publicacións indexadas no JCR relacionadas co ámbito de histomorfometría ósea (1,5 puntos), cursos relacionados cos traballos a realizar (1,5 puntos), comunicacións a congresos (0,5 puntos), coñecementos de linguas estranxeiras (0,5 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Patogenicidad de betanodavirus para el rodaballo: Estudio de la interacción virus-huésped y de la influencia de factores ambientales (Proxectos de Grupos Emerxentes - Ano 2012).

Referencia da actividade: 2014-PG140

Centro de traballo : Instituto de Acuicultura

Investigador Principal: Isabel Bandín Matos

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Mantemento e infección de peixes, procesamento de mostras de peixes para análise virolóxico, mantemento de cultivo celulares, extracción de ácidos nucleicos, realización de PCR e PCR en tempo real

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1287,51€

Duración do contrato: 4 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Axudande de apoio a investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: FPPII . Ciclo Superior Análise e Control de Calidade

MÉRITOS: Cursos de especialización en laboratorio de microbioloxía (3 puntos), cursos de prevención de riscos laborais (1 punto), coñecementos demostrados de informática (0,5 puntos), coñecementos demostrados de idiomas (0,5 puntos), experiencia mínima de 5 anos nun laboratorio de viroloxía de peixes, con manexo de procedementos de PCR e real time PCR (5 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación.
Referencia da actividade: 2014-AD011
Centro de traballo : Area de Xestión e Valorización de I+D. Edificio Cactus. Santiago
Investigador Principal: Rogelio Conde-Pumpido Tourón

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Validación dos procesos de imputación e xustificación de gastos para a posta en marcha dos programas institucionais de I+D

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1650.00€, con posibilidade de incremento salarial según CV
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Administrativo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao

MÉRITOS: experiencia na xestión de subvencións públicas , experiencia previa na USC e na xestión de proxectos de I+D (80 puntos), formación relacionada coas funcións do posto (10 puntos), coñecemento de inglés (5 puntos), entrevista persoal (5 puntos) (únicamente para como máximo, os 5 candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores)

ANEXO II

PROXECTO

Título da actividade: Reovirus aviar: factores de virulencia y nuevas dianas terapéuticas.
Referencia da actividade: 2013-PN165.00
Centro de traballo : CIQUS
Investigador Principal: Juan M. Martínez Costas

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: xenética inversa de reovirus aviáres e caracterización molecular das súas proteínas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 625,00 €
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Graduado/a en Bioloxía. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS: máster universitario en investigación biomédica (2 puntos), experiencia previa en cultivos primarios de células de orixen aviar (5 puntos), construción de baculovirus recombinantes e a expresión de proteínas con este sistema (5 puntos), manipulación de plásmidos e inmunofluorescencia (2 puntos), entrevista persoal (8 puntos). Sóamente realizarase a entrevista a aqueles candidatos que superen os 12 puntos.

PROXECTO

Título da actividade: Reovirus aviar: factores de virulencia y nuevas dianas terapéuticas.

Referencia da actividade: 2013-PN165.01

Centro de traballo : CIQUS

Investigador Principal: Juan M. Martínez Costas

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: : xenética inversa de reovirus aviáres e caracterización molecular das súas proteínas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 625,00 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de apoio a investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Graduado/a en Bioloxía

MÉRITOS: máster universitario en investigación biomédica (2 puntos), experiencia previa en cultivos primarios de células de orixen aviar (5 puntos), construción de baculovirus recombinantes e a expresión de proteínas con este sistema (5 puntos), manipulación de plásmidos e inmunofluorescencia (2 puntos), entrevista persoal (8 puntos). Sóamente realizarase a entrevista a aqueles candidatos que superen os 12 puntos.

PROXECTO

Título da actividade: Retos en la gestión de la planta invasora *Carpobrotus edulis*: Cambios fenotípicos en el curso de la invasión, Respuestas a escenarios de cambio global y Control biológico.

Referencia da actividade: 2013-PN197

Centro de traballo : Facultade de Bioloxía

Investigador Principal: Rubén Retuerto Franco

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: mantemento de experimentos en laboratorio, campo e invernadoiro :

1. Estudo de campo das respostas a incrementos de temperatura e redución na dispoñibilidade hídrica de individuos de *Carpobrotus edulis* de diferentes procedencias.
2. Análisis das diferencias na habilidade competitiva de *Carpobrotus edulis* e *Carpobrotus acinaciformis* baixo diferentes condicións de dispoñibilidade de nutrientes.
3. Análisis dos patróns de variación epixenética en poboacións nativas e invasoras de *Carpobrotus edulis*.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1173,00 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Bioloxía. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS: destreza no emprego de técnicas de fluorescencia clorofílica e reflectancia espectral (6 puntos), experiencia en experimentación con plantas (3 puntos), análise de datos ecolóxicos (3 puntos)

Nota: Parte do traballo de campo realizarase na Illa de Salvora polo que será preciso desplazarse e pernoctar na mesma

PROXECTO

Título da actividade: Estudio metagenómico y metatranscriptómico de la microbiota asociada a la almeja cultivada.

Referencia da actividade: 2013-PN053

Centro de traballo : Facultade de Bioloxía

Investigador Principal: Jesús López Romalde

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: mostreo e procesamento de ameixa cultivada para análise metaxenómicos. Extracción de DNA e RNA total dos diferentes tecidos de ameixa. Caracterización fenotípica e xenética dos microorganismos co fin de dilucidar o posible potencial patóxeno e/ou probiótico

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1173,00 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado /a ou Grao en Bioloxía. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS: expediente académico (10%) ; publicacións (24%), comunicacións a congresos (12%), estadias (4%), experiencia previa en microbioloxía de moluscos e nas técnicas a emplear (50%)

PROXECTO

Título da actividade: La proyección del lugar: Compostela en su imaginario geoliterario (1844-1926). Sistemas de Información Geográfica y Humanidades Espaciales.

Referencia da actividade: 2013-PN099

Centro de traballo : Facultade de Filoloxía

Investigador Principal: Fernando Cabo Aseguinolaza

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Desenvolvemento de cartografías dixitais, fundamentadas na análise xeoespacial a partir do corpus definido na memoria do proxecto. Labores de xeolocalización, análise toponímica, documentación de cartografía histórica, búsqueda de solucións informáticas, etc.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1000,00 €

Duración do contrato: 24 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico superior de apoio a investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado /a ou Grao en Xeografía

MÉRITOS: experiencia profesional acreditada en análise e deseño cartográfico (7/10), impartición de cursos de sistemas de información xeográfica (1,5/10), formación específica em ArcGis (1,5/10)

PROXECTO

Título da actividade: Soluciones hardware y software para la computación de altas prestaciones
Referencia da actividade: 2013-PN112
Centro de traballo : CITIUS
Investigador Principal: Javier Díaz Bruguera

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Programación de técnicas de procesamento e clasificación de imaxes hiperespectrais

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1200,00 €
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado /a ou Grao en Física, Matemáticas, Enxeñeiro Superior en Informática, ou Grao en Enxeñaría Informática

MÉRITOS: expediente académico (40%) ; experiencia en clasificación de imaxes (traballo fin de grao, máster, desenvolvemento de software, publicacións) (25%), entrevista persoal (35%)

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto LaserPET
Referencia da actividade: 2013-AD009.00
Centro de traballo : Facultade de Física
Investigador Principal: José Benlliure Anaya

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Procesado de datos de experimentos do proxecto LaserPET e experimentos asociados

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1900,00 €
Duración do contrato: 9 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado /a ou Grao en Matemáticas

MÉRITOS: Título de doutor (10%), experiencia en programación : Linux, mathematica, Maple o Matlab no ámbito da física de partículas (40%), estancias no estranxeiro (5%), idiomas (5%), entrevista persoal (40%).

Como requisito para acceder a entrevista persoal o candidato ha de superar unha puntuación do 40 % nos méritos

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto LaserPET
Referencia da actividade: 2013-AD009.01
Centro de traballo : Facultade de Física
Investigador Principal: José Benlliure Anaya

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Simulacións avanzadas e experimentación con sistemas de detección no marco do proxecto LaserPET e experimentos asociados

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1995,00 €
Duración do contrato: 9 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Investigador Asociado

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Doutor en Física

MÉRITOS: experiencia en instrumentación nuclear e sistemas de adquisición de datos (55%), idiomas (5%), entrevista persoal (40%) .Como requisito para acceder a entrevista persoal o candidato ha de superar unha puntuación do 40 % nos méritos

PROXECTO

Título da actividade: Proyecto LaserPET
Referencia da actividade: 2013-AD009.02
Centro de traballo : Facultade de Física
Investigador Principal: José Benlliure Anaya

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Deseño, montaxe e adecuación de sistemas de detección integrados no proxecto LaserPET e experimentos asociados

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1770,00 €
Duración do contrato: 9 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado /a ou Grao en Física

MÉRITOS: experiencia no manexo de instrumentación nuclear e en concreto con sensores de radiación, cristais de centelleo e fotosensores (40%), formación en sistemas de calidade en laboratorio, en concreto laboratorios relacionados coa física nuclear e de partículas (15%), idiomas (5%), entrevista persoal (40%)

Como requisito para acceder a entrevista persoal o candidato ha de superar unha puntuación do 40 % nos méritos

PROXECTO

Título da actividade: Biomarcadores de fibromialgia (FM): perfil genético, control inhibitorio del dolor y procesamiento cerebral de estímulos dolorosos y emocionales en FM.

Referencia da actividade: 2013-PN105

Centro de traballo : Facultade de Psicoloxía

Investigador Principal: María Teresa Carrillo de la Peña

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Deseño de tarefas para a avaliación de procesos cognitivos relacionados coa memoria do traballo e de procesamento emocional

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 732,00 €

Duración do contrato: 3 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado /a ou Grao en Psicoloxía

MÉRITOS: expediente académico (30%), máster en neurociencia (10%), experiencia previa no deseño e análise de tarefas de psicofisiolóxica e neuropsicolóxicas (30%), entrevista persoal aos 3 candidatos coas mellores puntuacións nos 3 apartados anteriores (30 %)



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Edificio CACTUS – Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

Tel. 881816201- Fax 881 547 077

Correo electrónico: citinfo@usc.es

<http://imaisd.usc.es>

